# PIRATAS



*«A orixe social da piratería feminina, das piratas propiamente ditas e das demais mulleres desa contorna, é tamén variada. Moitas delas eran proletarias, campesiñas expropiadas, lumpen, delincuentes comúns, prostitutas, serventas e, como non, ex cativas e ex escravas. Algunhas foron simples aventureiras, sen causa aparente para lanzarse á piratería. Hóuboas así mesmo nacionalistas, contrarias á dominación estranxeira do seu país, perseguidas, exiliadas, renegadas e herexes. Outras, tiñan unha orixe burguesa, por ser fillas de comerciantes, avogados ou funcionarios. Sen esquecer as que proviñan da nobreza, vindas a menos ou non, e mesmo se sabe de princesas e raíñas que acabaron exercendo tan aventurado oficio. En definitiva, houbo mulleres piratas en todas as épocas e de todos os estamentos sociais»*

**Moi interesante**
www.muyhistoria.es/h-moderna/articulo/existieron-mujeres-piratas

Anne Bonney y Mary Read (Inglaterra)
Ching Shih (China)
Sida AL-Hurra (Marrocos)

## Febreiro 2019

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | **1**<br>1873 Morre Gertrudis Gómez de Avellaneda. Escritora e loitadora contra a escravitude. | **2**<br>1813 A Asemblea Xeral declara libres a fillas/os de escravas do Río da Prata. | **3**<br>1980 Gro Harlem Brundland, 1ª Ministra Norueguesa, escolle un Consello de 8 mulleres. |
| **4**<br>1921 Nace Betty Friedan. Psicóloga feminista. Fundó NOW. "La mística de la feminidad". | **5**<br>A Almudena Grandes, escritora comprometida que visibiliza as mulleres. | **6**<br>Día Internacional de TOLERANCIA CERO coa MUTILACIÓN XENITAL FEMININA<br>1918 Institúese o voto das mulleres no Reino Unido. | **7**<br>1849 Nace Mercedes Cabello de Carbonera, iniciadora da novela moderna no Perú. | **8**<br>1958 Nace Marina da Silva. Loitadora Sindicalista e Ministra do Medio Ambiente no Brasil. | **9**<br>1978 Carmen Conde, escritora, converteuse na 1ª muller da Real Academia Española. | **10**<br>1891 Falece Sofía Kovalevskaya. Matemática. "Rotación do sólido rixido". |
| **11**<br>Día Internacional das Mulleres e as Nenas nas Ciencias<br>1596 A galega Isabel Barreto conclúe en Manila a 1ª expedición dirixida por unha muller. | **12**<br>1921 Nace Asunción Linares, 1ª muller catedrática nunha facultade de Ciencias. | **13**<br>1917 Margar. Gertrudis Zelle, "Mata-Hari"-espía holandesa- é detida nun hotel de París. | **14**<br>1902 Fúndase en Washington a Alianza Internacional para o Sufraxio Feminino. | **15**<br>1992 Mª Elena Moyano, loitadora social peruana é asasinada por Sendero Luminoso. | **16**<br>415 Hipatia de Alexandría, matemática e inventora, é asasinada por cristiáns. | **17**<br>1905 Nace Rozsa Peter, matemática fundadora da Teoría Recorrente da Función. |
| **18**<br>1934 Noruega. As mulleres poderán acceder a cargos oficiais do Estado e da Igrexa. | **19**<br>1941 Nace Elfrida Andrée, organista e compositora sueca. | **20**<br>1914 Nace en Porto Rico Julia de Burgos, poeta. Premios de literatura e xornalismo. | **21**<br>1942 Nace Margarethe von Trotta, actriz, guionista e realizadora. | **22**<br>Día Europeo pola igualdade salarial de mulleres e homes<br>1931 Pasamento de Ofelia Nieto, soprano lírica compostelá. | **23**<br>2001 A C.P.I. dita a 1ª Sentenza por violación sexual. Crime contra a humanidade. | **24**<br>A Antonina Rodrigo, por visibilizar a mulleres silenciadas e esquecidas. |
| **25**<br>1932 As cortes republicanas españolas aproban a Lei de Divorcio, primeira na historia do país. | **26**<br>1971 Nace Erykah Badu, cantante negra norteamericana. | **27**<br>1904 Nace en Ávila Mª Pilar Losada, 1ª muller piloto do estado español. | **28**<br>2012 Mª Xosé Agra, filósofa feminista, publica a súa obra "Crítica feminista al psicoanálisis y a la filosofía". | | | |

PIRATAS

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
Asemblea de Mulleres
STEG